

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 8 DE OUTUBRO DE 2015,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

PROXECTOS DE LEI

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

- Proxecto de Lei do solo de Galicia.

DECRETOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Decreto polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.
- Decreto polo que se aproba o escudo da Entidade Local Menor de Pazos de Reis no Concello de Tui (Pontevedra).
- Decreto polo que se aproba a bandeira da Entidade Local Menor de Pazos de Reis no Concello de Tui (Pontevedra).
- Decreto polo que se dispón que cese Rogelio Martínez González como delegado territorial da Xunta de Galicia en Ourense.
- Decreto polo que se dispón que cese María José Bravo Bosch como delegada territorial da Xunta de Galicia en Vigo.
- Decreto polo que se nomea delegada territorial da Xunta de Galicia en Ourense a María Sol Díaz Mouteira.
- Decreto polo que se nomea delegado territorial da Xunta de Galicia en Vigo a Ignacio López-Chaves Castro.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

- Decreto polo que se dispón que cese Verónica Tellado Barcia como directora xeral de Conservación da Natureza.
- Decreto polo que se nomea secretaria xeral técnica da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio a María Jesús Lorenzana Somoza.
- Decreto polo que se nomea directora xeral de Conservación da Natureza a Ana María López Díaz.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Decreto polo que se dispón que cese María Jesús Lorenzana Somoza como secretaria xeral técnica da Consellería de Traballo e Benestar.
- Decreto polo que se dispón que cese María del Carmen Bouso Montero como directora xeral de Traballo e Economía Social.
- Decreto polo que se dispón que cese Ana María Díaz López como directora xeral de Emprego e Formación.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se declara ben de interese cultural a colección de arte da Fundación Galicia Obra Social (Afundación).
- Decreto polo que se declara ben de interese cultural a colección de arte de ABANCA Corporación Bancaria S.A.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Decreto polo que se nomea secretario xeral técnico da Consellería de Política Social a Francisco Javier Abad Pardo.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Decreto polo que se nomea secretaria xeral técnica da Consellería do Medio Rural a María del Carmen Bouso Montero.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gasto de carácter plurianual e a concesión de anticipos de ata o 75% derivados da Resolución da Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza pola que se establecen as bases reguladoras de axudas e subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2015.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura de 54 acordos específicos de financiamento do programa de rexeneración e renovación urbanas, a asinar no seno da Comisión Bilateral de Seguimento do Plan estatal de fomento do alugueiro de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016, con participación dos concellos.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación de Pais de Persoas con Trastornos do Espectro Autista da Provincia da Coruña ASPANAES para posibilitar o desprazamento de alumnado discapacitado aos centros de Educación Especial ASPANAES A Coruña, ASPANAES Duques de Lugo, ASPANAES Ferrol e ASPANAES As Pontes, polo importe máximo de douscentos trinta e un mil setenta e sete euros con setenta e dous céntimos (231.077,72 euros).

INFORMES

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a campaña da gripe 2015/2016.

- Informe sobre a resolución e incorporación aos novos destinos de profesionais participantes non concurso de traslados de persoal estatutario de xestión e servizos convocados por Resolución do 19 de novembro de 2014.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA DEFINITIVAMENTE O PROXECTO DE LEI DO SOLO DE GALICIA E REMÍTEA AO PARLAMENTO CO OBXECTIVO DE ACADAR UNHA NORMA DE CONSENSO E QUE PERDURE NO TEMPO

- *O proxecto de Lei, na que o Goberno galego vén traballando desde comezos da pasada lexislatura, é resultado dun amplo proceso de participación pública no que se tomaron en conta o 80% das achegas recibidas de 75 axentes consultados*
- *A norma aspira a sentar as bases para blindar un urbanismo responsable, propiciando a ordenación de todo o territorio, o desenvolvemento do rural e a protección efectiva da paisaxe*
- *Facilítase que todos os concellos contén cun planeamento de calidade nun tempo razoable, creando o “informe único” autonómico para a tramitación dos plans xerais*
- *A Xunta elaborará plans básicos que permitirán dotar dun planeamento acorde coas súas necesidades os concellos de menos de 5.000 habitantes*
- *Poténcianse os usos produtivos do rural de forma compatible cos valores naturais e culturais e mantendo a prohibición de novas vivendas en solo rústico, agás as vinculadas a explotacións agropecuarias*
- *Por primeira vez esixírase que os plans xerais inclúan as pautas concretas de integración paisaxística que se deben aplicar en cada solo rústico e reforzarse a obriga de rematar exteriormente as construcións*

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace definitivo ao Proxecto de lei do solo, que remite agora ao Parlamento co obxectivo de acadar unha norma de consenso e que perdure no tempo. O Goberno galego conclúe así a tramitación administrativa dunha Lei de importancia estrutural na que leva traballando desde comezos da pasada lexislatura e que é resultado dun amplo proceso de participación pública, no que se celebraron 30 encontros sectoriais, se consultaron máis de 75 axentes e se tiveron en conta o 80% das achegas recibidas.

A norma aspira a sentar as bases para blindar un urbanismo responsable en Galicia, co triplo obxectivo de propiciar a ordenación de todo o territorio, potenciar o desenvolvemento do rural e acadar unha protección efectiva da paisaxe.

Esta nova Lei do solo é unha peza clave na estratexia iniciada polo Goberno galego para a posta en valor e a ordenación do noso territorio. Ademais da aprobación do Plan de ordenación do litoral e das directrices de ordenación do territorio, esa aposta fixo posible pasar dos 37 concellos con plan xeral adaptado á norma que había en 2009 aos 83 que existen na actualidade. Neste tempo tense duplicado o número de concellos, a poboación e a superficie de Galicia que contan cun planeamento urbanístico adaptado á lei.

Para continuar por ese camiño, a nova Lei do solo ten vocación de permanencia no tempo e preséntase como sinxela, práctica e clara que pretende resultar útil e comprensible aos cidadáns. Con ese obxectivo redúcese nun 31% o número de artigos fronte á Lei de Ordenación Urbana de Galicia (LOUG) actualmente en vigor, e dótase dunha estrutura e dunha linguaxe máis facilmente entendible.

Ningún concello sen normas urbanísticas

O texto normativo busca que todos os concellos contén cun planeamento de calidade nun tempo razoable e contén os mecanismos para facilitar a ordenación urbanística de todos os municipios, con solucións previstas para cada tipo de localidade.

Con ese obxectivo, a Xunta de Galicia elaborará ao longo de 2016 un Plan básico autonómico, que identificará o conxunto dos 33.000 núcleos de Galicia e delimitará as diversas zonas de afección sectorial. Esa ferramenta servirá de materia prima para elaborar os plans básicos municipais, cos que a Xunta porá á disposición dos concellos de menos de 5.000 habitantes que carecen de planeamento, e que teñen dificultades técnicas e económicas para elaboralo, un instrumento de ordenación básico, adaptado ás súas necesidades reais de desenvolvemento.

A previsión é que a redacción deses plans básicos municipais se leve a cabo entre os anos 2017 e 2020 e podería beneficiar os 56 municipios galegos de menos de 5.000 habitantes que actualmente carecen de planeamento. Os concellos que recorran a esta ferramenta terán voz na tramitación dos plans básicos e emitirán informes determinantes.

Os concellos de máis de 5.000 habitantes conservarán a potestade exclusiva de redactar os seus plans urbanísticos, ben que a nova lei establece medidas para facilitar e axilizar a súa tramitación. Así, os municipios pasarán a solicitar ante a Xunta un informe único, en lugar dos diferentes informes sectoriais que a lei en vigor exige requirir por separado. Coa nova norma, a Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo será a encargada de recabar eses distintos informes sectoriais e estes deberán emitirse nun prazo máximo de 3 meses ou entenderanse positivos, acurtando nun 75% os tempos da tramitación autonómica dos plans.

E, ao mesmo tempo, a tramitación urbanística dos planeamentos integrarase na tramitación ambiental, para dotar de maior seguridade o proceso.

Ademais, nunha aposta pola autonomía local, concédeselles aos concellos de máis de 50.000 habitantes, é dicir, ás 7 grandes cidades galegas, a capacidade para aprobar definitivamente os seus plans xerais, contando cun informe preceptivo da Administración autonómica.

Desenvolvemento rural con garantías

A nova Lei do solo pon o acento sobre a protección do medio rural, pero tamén sobre o seu aproveitamento produtivo, tendo en conta que o 93% do territorio da nosa comunidade é rural. Así potencíanse os usos produtivos do rural de forma compatible cos seus valores naturais e culturais e mantendo a prohibición de novas vivendas en solo rústico, agás as vinculadas a explotacións agropecuarias.

Recoñécense, ademais, de forma expresa, as capacidades turísticas de Galicia, de tal xeito que, a través das ferramentas axeitadas e con todas as garantías de dotación dos servizos necesarios, se promoven as construcións e as obras de rehabilitación para usos turísticos que sexan potenciadoras do medio onde se localicen.

Co obxecto de preservar os valores do contorno, as novas construcións en solo rústico, deberán axustarse, con carácter xeral, aos seguintes requisitos: que o volume máximo da edificación sexa similar ao das edificacións tradicionais existentes, cunha altura máxima de 7 metros (equivalente a andar baixo e piso); que a superficie da parcela sexa, como mínimo, de 2.000 metros cadrados; que a construción ocupe un máximo do 20% do terreo; que se minimize o impacto visual e que se manteña no seu estado natural, como mínimo, o 50% da parcela.

Así mesmo, para frear a dispersión e fomentar o aproveitamento do xa construído, apóstase con firmeza pola rehabilitación. Con ese obxectivo, clarifícase a definición de edificación tradicional, para pasar a considerarse dese xeito todas as anteriores ao ano 1975, e nelas elévanse as porcentaxes de incremento de volume permitidas na obra de rehabilitación, chegando ata o 50%, sempre e cando se respecte a altura e a tipoloxía existente.

O construído como peza da paisaxe

A Lei do solo contén unha aposta definitiva pola paisaxe galega como símbolo identitario de Galicia, fomentando a concienciación e promovendo o remate exterior das edificacións. Dese xeito, concederanse prórrogas ilimitadas ás licenzas de edificación condicionadas a que, en primeiro lugar, se remate o exterior das construcións ou no caso de que as obras non estean iniciadas.

Por primeira vez esixírase que os plans xerais inclúan as pautas concretas de integración paisaxística que se deben aplicarse en cada solo rústico e reforzarse a obriga de rematar exteriormente as construcións.

Finalmente, a norma pon o foco na recuperación e reutilización do xa construído, fomentando a rehabilitación, a rexeneración e a renovación do existente fronte ás novas construcións.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA A NOVA ESTRUTURA ORGÁNICA DAS CONSELLERÍAS

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe a nova estrutura orgánica das Consellerías do Goberno galego, e de xeito coherente cos novos obxectivos que marcou o seu presidente.

A nova estrutura é consecuenta cos catro obxectivos fundamentais da renovación que se levou a cabo nos últimos días: reforzar a política social coa creación dunha Consellería dedicada en exclusiva a ela, fortalecer os ámbitos rural e marítimo dividindo a antiga Consellería do Medio Rural e do Mar, ligar o emprego á promoción económica e á innovación industrial coa nova Consellería de Economía, Emprego e Industria e reforzar tamén o peso da protección do medio ambiente e a organización do territorio e das infraestruturas e a vivenda, dividindo a antiga Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

Así, a nova estrutura orgánica da Xunta queda como segue:

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza estrutúrase nos seguintes órganos superiores e de dirección: Secretaría Xeral da Igualdade, Asesoría Xurídica Xeral, Secretaría Xeral Técnica, Dirección Xeral de Xustiza, Dirección Xeral de Administración Local, Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias, Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, e Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa.

Quedan adscritas orgánicamente á consellería as delegacións territoriais da Xunta de Galicia na Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo. As delegacións territoriais, configuradas como órganos de dirección, terán nivel orgánico de dirección xeral.

Así mesmo, quedan adscritas a esta consellería as delegacións da Xunta de Galicia no exterior.

Igualmente, quedan adscritos a esta consellería: a Escola Galega de Administración Pública, a Academia Galega de Seguridade Pública e a Axencia Galega de Emerxencias.

A Consellería de Facenda estrutúrase nos seguintes órganos de dirección: Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio, Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro, Dirección Xeral de Proxectos e Fondos Europeos e Dirección Xeral da Función Pública.

Quedan adscritos a esta consellería: o Instituto Galego de Estatística, o Consello Galego da Competencia, o Centro Informático para a Xestión Tributaria Económico-Financeira e Contable, a Axencia Tributaria de Galicia, e o Consello Económico e Social de Galicia.

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio estrutúrase nos seguintes órganos superiores e de dirección: Secretaría Xeral Técnica, Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, e Dirección Xeral de Conservación da Natureza.

Quedan adscritos a esta consellería: o Instituto de Estudos do Territorio, Augas de Galicia, e a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística.

A Consellería de Infraestruturas e Vivenda estrutúrase nos seguintes órganos de dirección: Secretaría Xeral Técnica, e Dirección Xeral de Mobilidade.

Quedan adscritos a esta consellería: a Axencia Galega de Infraestruturas, o organismo autónomo Instituto Galego de Vivenda e Solo e o Xurado de Expropiación de Galicia.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria estrutúrase nos seguintes órganos superiores e de de dirección: Secretaría Xeral Técnica, Dirección Xeral de Enerxía e Minas, Dirección Xeral de Comercio, e Secretaría Xeral de Emprego, dentro da que se atopa a Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral.

Quedan adscritos a esta consellería: a Axencia Galega de Innovación, o Instituto Galego de Promoción Económica, o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, o Instituto Galego de Consumo, o ente público Instituto Enerxético de Galicia, e o Consello Galego de Relacións Laborais.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria estrutúrase nos seguintes órganos superiores e de dirección: Secretaría Xeral Técnica, Secretaría Xeral de Cultura, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, Secretaría Xeral de Política Lingüística, Secretaría Xeral de Universidades, Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, e Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos.

Quedan adscritos a esta consellería: a Axencia Galega das Industrias Culturais e a Axencia para a Xestión Integrada, Calidade e Avaliación da Formación Profesional.

A Consellería de Sanidade estrutúrase nos seguintes órganos de dirección: Secretaría Xeral Técnica e Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública.

Queda adscrito a esta consellería o Servizo Galego de Saúde.

A Consellería de Política Social estrutúrase nos seguintes órganos de dirección: Secretaría Xeral Técnica, Dirección Xeral de Familia e Dinamización Demográfica, Dirección Xeral de Acción Social, Dirección Xeral de Maiores e Discapacidade, e Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

Queda adscrita a esta consellería a Axencia Galega de Servizos Sociais.

A Consellería do Medio Rural estrutúrase nos seguintes órganos de dirección: Secretaría Xeral Técnica, Dirección Xeral de Ordenación e Producción Forestal, Dirección Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural.

Quedan adscritos a esta consellería: o Fondo Galego de Garantía Agraria, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, e o Instituto Galego de Calidade Alimentaria.

A Consellería do Mar estrutúrase nos seguintes órganos de dirección: Secretaría Xeral Técnica, Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, e Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

Quedan adscritos a esta consellería: Portos de Galicia e o Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño.


O CONSELLO DA XUNTA APROBA O ESCUDO E A BANDEIRA DA ENTIDADE LOCAL MENOR DE PAZOS DE REI NO CONCELLO DE TUI

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe aos decretos polos que se establece a conformación oficial da bandeira e o escudo da entidade local menor de Pazos de Reis no concello pontevedrés de Tui

O escudo é *“De sinople (verde), un muro de ouro (amarelo) sumado dunha cruz trebolada”*; e a bandeira é *“Un pano verde co muro de amarelo sumado da cruz trebolada. Terciado ao batente de amarelo.”*

ESCUDO E BANDEIRA DE PAZOS DE REI





IGNACIO LÓPEZ-CHAVES CASTRO É NOMEADO DELEGADO TERRITORIAL DA XUNTA EN VIGO

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o decreto polo que se dispón o nomeamento de Ignacio López-Chaves Castro como novo delegado territorial da Xunta en Vigo, en substitución de María José Bravo Bosch, que cesa a petición propia.

López Chaves (Vigo, 1964) ocupaba, desde 2011, a presidencia da Autoridade Portuaria de Vigo. Este licenciado en Dereito, especializado en Organización e xestión de empresas culturais, conta cunha ampla experiencia tanto académica como política. Foi profesor asociado de Dereito Civil na Universidade de Vigo, da que foi secretario xeral do seu Consello Social entre 1997 e 2004. Tamén foi secretario xeral da Comisión Coordinadora de Secretarios de Consellos Sociais das Universidades Públicas de España e é autor de diversos artigos e relatorios sobre Dereito Administrativo e Civil.

Entre 2005 e 2011 foi deputado do Parlamento de Galicia, no que foi voceiro de Cultura do Grupo Popular, presidente da Comisión de control da CRTVG e membro da Comisión de estudo da reforma do Estatuto de Autonomía de Galicia e da Comisión de Educación e Cultura. Tamén foi edil no consistorio de Vigo e ocupou a Concellería de Cultura e Educación entre 2003 e 2007.

MARISOL DÍAZ MOUTEIRA É NOMEADA DELEGADA TERRITORIAL DA XUNTA EN OURENSE

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o decreto polo que se dispón o nomeamento de Marisol Díaz Moureira como nova delegada territorial da Xunta en Ourense, en substitución de Rogelio Martínez González, que cesa a petición propia.

Díaz Moureira (Alemaña, 1967) é licenciada en Dereito e especialista en Mediación Familiar e Dereito Divil. Esta funcionaria do Corpo Superior da Xunta ocupou diversos cargos representando ao Goberno autonómico na provincia de Ourense. Entre 2003 e 2005 foi delegada provincial da Consellería de Xustiza, entre 2009 e 2012 xefa territorial de Educación, entre 2013 e 2015 xefa territorial da Vicepresidencia e entre xaneiro e xuño de 2015 secretaria territorial da Delegación da Xunta en Ourense.

Desde xuño deste ano é deputada no Parlamento de Galicia en substitución de Jesús Vázquez Abad. Tamén fora deputada entre febreiro e novembro de 2012.

MARÍA JESÚS LORENZANA SOMOZA É NOMEADA SECRETARIA XERAL TÉCNICA DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o decreto polo que se dispón o nomeamento de María Jesús Lorenzana Somoza como secretaria xeral técnica da nova Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio. Ata agora e desde febreiro de 2013 ocupaba a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Traballo e Benestar.

Licenciada en Dereito pola Universidade da Coruña en xuño de 2004, María Jesús Lorenzana é, desde o ano 2007, letrada da Xunta de Galicia. Letrada nivel 28 da asesoría xurídica da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e posteriormente da Consellería de Traballo e Benestar desde 2007 ata 2010, compaxinou durante o primeiro ano funcións consultivas con funcións xurisdicionais en defensa da Administración autonómica.

Desempeñou o labor de letrada nivel 28 da Asesoría Xurídica Xeral –Gabinete de asesoramento e apoio á actualización normativa– desde marzo de 2010 a novembro de 2011. Desde esa data e ata o seu nomeamento como secretaria xeral en febreiro de 2013, traballaba na asesoría xurídica da Presidencia da Xunta.

María Jesús Lorenzana Somoza ten impartido cursos de formación dirixidos a empregados públicos no ámbito da contratación pública, de procedemento administrativo e en materia de técnica de redacción de informes, así como cursos de teleformación sobre os aspectos legais de creación, reutilización e difusión de contidos dirixidos a persoal docente da Xunta.

Secretaria de tribunal en diferentes procesos selectivos da Administración autonómica, Lorenzana Somoza publicou diferentes artigos na revista da Asesoría Xurídica da Xunta.

ANA MARÍA DÍAZ LÓPEZ É NOMEADA DIRECTORA XERAL DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o decreto polo que se dispón o nomeamento de Ana María Díaz López como nova directora xeral de Conservación da Natureza. Ata agora e desde 2009 ocupaba a Dirección Xeral de Emprego e Formación. Substitúe no cargo a Verónica Tellado.

Ana María Díaz (Valdoviño, 1966) é licenciada en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela e diplomada pola Escola de Práctica Xurídica. É funcionaria do Corpo Superior da Xunta de Galicia e conta cunha ampla experiencia en diferentes postos da Administración autonómica.

En 1993 foi inspectora de Turismo, e entre ese ano e 1997 traballou na Delegación Provincial da Coruña da Consellería de Agricultura. Entre 1997 e 2009 ocupou diversos cargos na Delegación Provincial da Coruña da Consellería de Medio Ambiente: xefa do gabinete xurídico, do servizo xurídico, delegada provincial e xefa de sección.

A XUNTA DECLARA BEN DE INTERESE CULTURAL AS COLECCIÓN DE ARTE DE ABANCA E AFUNDACIÓN

- *Inclúense un total de 3.883 obras cun valor sobranceiro de artistas nacionais e internacionais do talle de Fernando Álvarez de Sotomayor, Castelao, Laxeiro, Maruxa Mallo, Lugo, Picasso, Dalí ou Kandinski*
- *No caso de Abanca, o expediente acredita o carácter excepcional da colección, que conta cun total de 1.350 pezas, en especial pola calidade e representatividade da obra pictórica galega dos últimos 130 anos*
- *Pola súa banda, a colección de Afundación, con 2.533 referencias, ofrece un conxunto senlleiro e moi representativo da arte galega na que figuran, así mesmo, pezas significativas do panorama artístico nacional e internacional dos séculos XX e XXI*
- *A declaración BIC garante a máxima protección deste patrimonio artístico e establece as cautelas necesarias para a súa conservación e legado ás xeracións futuras*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe os decretos polos que se declaran Ben de Interese Cultural (BIC) as coleccións de arte de Abanca Corporación Bancaria, S.A. e da Fundación Galicia Obra Social (Afundación), dúas das coleccións corporativas máis importantes do conxunto de España. Tal e como establece a Lei 8/1995, de patrimonio cultural de Galicia, a declaración de BIC garante a máxima protección e unidade para esta colección, e a súa utilización queda subordinada a que non se poñan en perigo os valores que aconsellan a súa conservación. Con estas dúas declaracións conclúese o ciclo aberto o pasado mes de xullo coa declaración do Fondo bibliográfico e documental de Abanca; conxuntamente representan as primeiras declaracións de BIC do patrimonio moble das antigas entidades de crédito do conxunto do Estado.

Trátase dunhas coleccións que xorden e medran ao abeiro da obra social dunhas entidades financeiras imbricadas na sociedade galega, destinataria última dun patrimonio que ela mesma, cos seus propios recursos e esforzos, foi xerando ao longo do tempo. Ambas as dúas declaracións contan co informe favorable dos tres órganos consultivos que analizaron os expedientes: o Consello da Cultura Galega, a Universidade de Santiago de Compostela e a Real Academia de Belas Artes 'Nosa Señora do Rosario'.

A partir de agora, estas coleccións de patrimonio moble declaradas BIC gozarán da máxima protección e tutela e a súa utilización quedará subordinada a que non se poñan en perigo os valores que aconsellan a súa conservación. Os propietarios están obrigados a coidalos e protexelos debidamente para asegurar a súa integridade e evitar a súa perda, destrución ou deterioración. Calquera traslado comunicáraselle á Dirección

Xeral do Patrimonio Cultural para a súa anotación no Rexistro de Bens de Interese Cultural, indicando a súa orixe e destino, e se aquel traslado se fai con carácter temporal ou definitivo. Ademais, a modificación, restauración ou alteración doutro tipo requirirá autorización previa da dita Dirección Xeral, incluídos os cambios de uso.

En ambos os casos, como efectos da declaración, incluíranse os bens obxecto deste decreto no Rexistro xeral de Bens de Interese Cultural de Galicia e darase conta ao Rexistro estatal e ao Inventario xeral de bens mobles da Administración xeral do Estado.

Abanca, 1.350 obras de 251 artistas

A colección de Abanca Corporación Bancaria ten as súas orixes nos conxuntos artísticos reunidos por Caixa Galicia desde finais dos anos setenta do século XX. O fondo está constituído por un total de 1.350 obras de 251 artistas galegos e universais como Castelao, Laxeiro, Urbano Lugrís ou Luis Seoane; así como outros creadores de primeira fila como Picasso, Marc Chagall, Kandinski, Dalí ou Miquel Barceló. Pola calidade das pezas, trátase dunha das coleccións corporativas de arte máis importantes de ámbito estatal.

Na instrución do expediente administrativo fica acreditado o carácter sobranceiro da colección, en especial pola calidade e representatividade da obra pictórica galega dos últimos 130 anos, o contraste con obras nacionais e estranxeiras da máxima calidade que colaboran na definición do seu discurso, así como o excelente estado de conservación, difusión e didáctica da colección.

Coa recompilación de artistas galegos desde o século XIXponse de manifesto tanto a importancia como a evolución da arte galega, o que permite observar as variacións que se irán constatando na arte galega ao longo dos seus diferentes períodos. Tras a consolidación deste núcleo da plástica galega, a colección realiza un importante salto cara ao ámbito español e internacional da arte do século XX, algo de indiscutible valor cultural para Galicia.

Adicionalmente, o informe do Consello da Cultura sobre as tres coleccións incoadas –a do Fondo bibliográfico e documental de Abanca, a de arte de Afundación e a de arte de Abanca–, concluía a consideración como un conxunto singular e único do patrimonio cultural galego, destacando que non existen outras coleccións en Galicia, incluídas as dos museos, coa calidade e autores incluídos.

A Facultade de Xeografía e Historia da USC tamén emitiu un informe favorable, destacando a relevancia da colección polo número e a importancia dos autores, tanto nacionais e internacionais como galegos, que o leva a considerala única en Galicia.

Finalmente, o informe da Real Academia de Belas Artes, despois de realizar un percorrido pola orixe da colección e a súa evolución, que permite establecer un discurso sobre a arte galega nos últimos 130 anos, expón a idoneidade da colección para a difusión e didáctica. O informe insiste na calidade das pinturas e destaca o bo tratamento dos bens, condicións de conservación e seguridade, polo que conclúe que reúne as condicións necesarias para a declaración.

Afundación, 2.533 obras de 485 artistas

No caso da colección de Afundación, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural acordou incoar o expediente para a declaración de BIC da súa colección de arte, consciente de que como conxunto resulta un elemento básico do patrimonio cultural de Galicia, polo seu carácter senlleiro e amplamente representativo da pintura galega moderna e contemporánea.

Durante a instrución do expediente, desde a citada Dirección Xeral fíxose unha revisión completa dos bens e a súa localización que concluíu nun informe que resulta moi relevante para a consideración da importancia cultural das obras e o nivel de protección recomendado. Realizouse un proceso de análise dos autores, da súa obra e da súa representatividade segundo o criterio principal de identificar as obras que constituísen unha colección de arte galega na que figuran, así mesmo, obras significativas do panorama artístico nacional e internacional dos séculos XX e XXI.

Así se recoñecen e declaran BIC 2.533 obras de 485 artistas como Jenaro Pérez Villaamil, Bello Piñeiro, Fernando Álvarez de Sotomayor, Sobrino Buhigas, Alfonso Rodríguez Castelao, Manuel Colmeiro, Eugenio Granell, Maruxa Mallo, Xulia Minguillón, Isaac Díaz Pardo ou Leopoldo Nóvoa, entre outras e outros, que se relacionan cos obxectivos iniciais da colección, e que non son outros que difundir a riqueza cultural e plástica de Galicia, así como crear unha colección que represente o mellor da súa arte para conserva-la, potencia-la e poñela ao servizo da comunidade.

Obras non incluídas de Afundación

No decurso deste da xestión do expediente estímase, de acordo co artigo 8.2 da Lei do patrimonio cultural de Galicia, que o proceso intencional de provisión e acumulación en prol da creación dunha colección de arte galega non se dá en todos os bens incoados. Con independencia de que moitos bens resultan de interese e sexan portadores de valores culturais, non se valora que supoñan un exemplo sobranceiro, nin individualmente nin como conxunto, e polo tanto se propón excluílos na declaración final. Os criterios para a non inclusión da proposta de declaración destas obras foron:

- Obras doadas á institución en contrapartida pola realización de exposicións, criterio mantido nos anos 70 e 80 do século XX.
- Obras inventariadas por terse presentado ás edicións da Bienal Internacional de Gravado que pertencen a artistas foráneos, sen relación con Galicia e sen obra representativa ou recoñecida.
- Obras adquiridas coa mera funcionalidade de servir de elementos ornamentais en espazos da entidade.
- Obras recentes das que non se dispón de información suficiente para establecer as súas condicións de catalogación.

Máis aló destes criterios iniciais, en reposta ao conxunto do sentido dos informes, empregouse un criterio adicional para procurar incluír tamén toda a obra dos autores con obra seleccionada na colección.

Neste sentido, o decreto asume e inclúe nas medidas xerais de protección a recomendación da Real Academia da creación dunha comisión de análise das obras non seleccionadas para determinar a potencialidade dos seus valores, para valorar a pertinencia da inclusión das devanditas obras no Inventario Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia.

FRANCISCO JAVIER ABAD PARDO É NOMEADO SECRETARIO XERAL TÉCNICO DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o decreto polo que se dispón o nomeamento de Francisco Javier Abad Pardo como novo secretario xeral técnico da nova Consellería de Política Social.

Francisco Javier Abad (A Coruña, 1970) ten unha ampla experiencia na Administración Pública, pois ocupou cargos en varias institucións. Foi técnico na área de Infraestruturas do Concello da Coruña, xefe de Persoal e Emprego do Concello de Ferrol e director da área de Desenvolvemento Económico, Turismo e Medio Ambiente da Deputación da Coruña. Nesta institución, ademais, traballou entre 2006 e 2012 como técnico superior do Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea.

Respecto da súa formación académica, é licenciado en Dereito pola Universidade da Coruña, na que tamén obtivo un posgrao en Institucións xurídicas e o seu tratamento xurisdicional. Ten tamén dous cursos Executive MBA e outro de Especialización en Contratación Administrativa, que cursou no Instituto Nacional de Administración Pública. Ademais, asistiu a varios cursos relacionados, principalmente, coa xestión administrativa e de fondos públicos.

CARMEN BOUSO MONTERO É NOMEADA SECRETARIA XERAL TÉCNICA DA CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o decreto polo que se dispón o nomeamento de Carmen Bouso Montero como secretaria xeral técnica da nova Consellería de Medio Rural. Ata agora era directora xeral de Traballo e Economía Social.

Carmen Bouso Montero é licenciada en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela. Ata o seu nomeamento como directora xeral en outubro de 2014 era asesora xurídica da Consellería do Medio Rural e do Mar. Con anterioridade foi titular do Gabinete de Desenvolvemento Lexislativo da Asesoría Xurídica Xeral, e entre outubro de 2003 e agosto de 2005 foi directora xeral de Recursos Mariños da Consellería de Pesca.

Carmen Bouso Montero tamén foi letrada do Consello Consultivo de Galicia en situación de comisión de servizos entre abril e outubro de 2000 e foi nomeada en maio de 1995 e maio de 1997 Xefa do Gabinete de Desenvolvemento Lexislativo. Con anterioridade, tamén ocupou diversos postos de responsabilidade como letrada da Xunta de Galicia.

A XUNTA DESTINA 4,6 MILLÓNS DE EUROS PARA AXUDAS AOS CONCELLOS GALEGOS PARA A PROMOCIÓN DA IGUALDADE

- ***O Consello da Xunta aprobou hoxe a concesión de anticipos de ata o 75 por cento para as subvencións dos programas de fomento da conciliación familiar, prevención e tratamento da violencia de xénero e apoio aos CIM***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a concesión de anticipos de ata o 75 por cento das subvencións concedidas para o Programa de fomento da conciliación; para o Programa de prevención e tratamento integral da violencia de xénero; e para o programa de apoio aos centros de información ás mulleres (CIM), por un importe de 4.660.133 euros, cofinanciados nun 80% polo Fondo Social Europeo.

A primeira da liña de axudas é o programa de fomento da conciliación que engloba as medidas que os concellos adopten coa finalidade de facilitar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das persoas traballadoras; entre esas medidas están os bancos de tempo e outras. A contía máxima que pode recibir unha entidade local por este programa é de 12.000 euros no caso de solicitude individual e ata 22.000 euros se é unha solicitude conxunta de varios concellos.

A segunda liña de axudas é o programa de prevención e tratamento integral da violencia de xénero, que inclúe as accións de intervención de carácter integral coas mulleres vítimas de violencia de xénero, coas súas fillas e fillos, así como coas persoas delas dependentes e actuacións dirixidas á loita contra a explotación sexual en xeral e a prostitución en particular. A contía máxima que pode recibir unha entidade local por este programa é de 10.000 euros no caso dunha solicitude individual e ata 20.000 euros se é unha solicitude conxunta de varios concellos.

E finalmente, está o programa de apoio aos centros de información ás mulleres (CIM), que ten coma obxectivo reforzar a funcionalidade dos CIM e consolidar os postos e o perfil profesional das persoas que prestan servizos neles, son subvencionables a existencia no cadro de persoal ou na relación de postos de traballo da entidade, de prazas para persoal funcionario, laboral fixo ou indefinido para prestar servizos no CIM, para a atención a mulleres en situación de vulnerabilidade; a contratación laboral temporal ou mercantil de profesionais para a prestación dos servizos de asesoramento xurídico ou de atención psicolóxica, así como para levar a cabo as funcións de axentes de igualdade ou de fomento do traballo en rede e de dinamización do territorio con enfoque de xénero. A contía máxima que pode recibir unha entidade local por este programa é de 45.000 €, e ata 120.000 euros no caso dunha solicitude conxunta.

Ademais, como vén sendo habitual, impulsaranse os proxectos de xestión compartida, polo que se priorizarán as solicitudes presentadas conxuntamente por máis dunha

entidade local, que recibirán ata 40 puntos por este feito. Os concellos que se agrupen ou asocien deberán presentar un convenio de colaboración relativo a esta agrupación ou asociación. A presentación das solicitudes realizarase unicamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

A XUNTA AUTORIZA OS ACORDOS QUE PERMITIRÁN INVESTIR 28,5 MILLÓNS DE EUROS EN 1.660 VIVENDAS SITUADAS NAS ÁREAS DE REHABILITACIÓN GALEGAS

- *O Consello da Xunta aproba a sinatura dos convenios entre o Goberno galego, o Ministerio de Fomento e 38 concellos para levar a cabo estas obras de rehabilitación en 54 áreas declaradas*
- *A Xunta achegará preto de 9,5 millóns de euros a axudas para o financiamento destas actuacións*
- *Actualmente están en execución convenios que permiten a rehabilitación doutras 508 vivendas, con axudas de máis de 5,8 millóns de euros*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura dos acordos que permitirán investir 28,5 millóns de euros en 1.661 vivendas situadas nas áreas de rehabilitación integral galegas. O Goberno galego deu así o visto e praxe á achega de 9,46 millóns euros que se destinará ao cofinanciamento destas actuacións.

O Goberno galego deulle así o visto e praxe aos convenios que asinará co Ministerio de Fomento e os 38 convenios nos que se sitúan as 54 Áreas de Rehabilitación Integral nas que se levarán a cabo estas obras. Os acordos asinaranse no marco da comisión bilateral de seguimento do Plan Estatal de Fomento do Alugueiro de Vivendas, a Rehabilitación Edificatoria e a Rexeneración e Renovación Urbanas 2013-2016.

As axudas incluídas nos convenios permitirán subvencionar as actuacións de rehabilitación executadas polos propietarios das vivendas situadas nas áreas de rehabilitación, así como obras de urbanización e reurbanización realizadas polos correspondentes concellos.

O financiamento aprobado hoxe polo Consello da Xunta únese ao recollido nos acordos asinados o pasado 14 de marzo de 2015 con 19 concellos e que inclúen axudas por un importe total de 3.210.983,29 euros con cargo ao Ministerio de Fomento e 2.627.490,36 euros con cargo á Comunidade Autónoma de Galicia.

Son 54 áreas de rehabilitación repartidas en 38 concellos as que se benefician da repartición das 1.661 actuacións e do seu financiamento que é o seguinte:

CONCELLO	ANUALIDADES		TOTAL
	2015	2016	
A CORUÑA	483.170,84	712.254,16	1.195.425,00
CORCUBIÓN	25.197,36	37.382,64	62.580,00
FERROL	362.378,13	537.621,87	900.000,00

MUROS	17.998,11	26.701,89	44.700,00
NEDA	17.998,11	26.701,89	44.700,00
NOIA	60.489,63	89.742,02	150.231,65
PADRÓN	37.651,09	55.858,91	93.510,00
RIANXO	17.998,11	26.701,89	44.700,00
SANTIAGO	362.378,13	537.621,87	900.000,00
CHANTADA	23.397,55	34.712,45	58.110,00
LOURENZÁ	17.998,11	26.701,89	44.700,00
LUGO	96.634,17	143.365,83	240.000,00
MONDOÑEDO	44.995,28	66.754,72	111.750,00
MONFORTE	17.998,11	26.701,89	44.700,00
QUIROGA	26.997,17	40.052,83	67.050,00
RIBADEO	59.393,78	88.116,22	147.510,00
SARRIA	44.995,28	66.754,72	111.750,00
SOBER	71.992,46	106.807,54	178.800,00
VILALBA	16.198,30	24.031,70	40.230,00
VIVEIRO	71.992,46	106.807,54	178.800,00
ALLARIZ	12.079,27	17.920,73	30.000,00
CASTRO CALDELAS	52.194,53	77.435,47	129.630,00
CELANOVA	39.595,85	58.744,15	98.340,00
OURENSE	422.687,73	627.207,27	1.049.895,00
RIBADAVIA	46.795,10	69.424,90	116.220,00
SAN CIBRAO DAS VIÑAS	14.398,49	21.361,51	35.760,00
VERÍN	35.996,23	53.403,77	89.400,00
VILAR DE SANTOS	53.994,34	80.105,66	134.100,00
XUNQUEIRA DE AMBÍA	44.995,28	66.754,72	111.750,00
BAIONA	35.996,23	53.403,77	89.400,00
CAMBADOS	143.984,91	213.615,09	357.600,00
CANGAS	37.796,04	56.073,96	93.870,00
MARÍN	134.608,58	199.704,42	334.313,00
POIO	38.219,82	56.002,69	94.222,51
PONTEVEDRA	301.981,78	448.018,22	750.000,00
TUI	19.797,93	29.372,07	49.170,00
VIGO	422.770,00	627.218,60	1.049.988,60
VILAGARCÍA	79.191,70	117.488,30	196.680,00
TOTAIS	3.814.935,99	5.654.649,77	9.469.585,76

Na repartición de actuacións e financiamento están incluídas as novas áreas de rehabilitación integral declaradas este mesmo ano, así como aquelas cuxo ámbito foi ampliado, que se relacionan no seguinte cadro:

ARI NOVAS	ARI AMPLIADAS
A CORUÑA. San Vicente de Elviña	Monforte de Lemos
FERROL. Barrio Esteiro Vello	Lourenzá
VIGO. Rúas Bueu-Moaña, Polígono Coia	Quiroga
VIGO. Grupo de Casas Santa Clara. Cabral	Marín
ALLARIZ. Santa Mariña de Augas Santas	
SAN CIBRAIO DAS VIÑAS. "Barrios Antigos"	
XUNQUEIRA DE AMBÍA. Conxunto Histórico	
OURENSE. Barrios da Serra de San Mamede, Cruceiro Quebrado e a Inmaculada.	

67 ARI declaradas

Desde 1996 foron declaradas en Galicia 66 áreas de rehabilitación en 40 concellos diferentes. E tamén se declarou unha Ari tan singular como é a área de rehabilitación dos Camiños de Santiago, que transcorre por 107 concellos das catro provincias, de maneira que o total de concellos galegos que dispoñen de áreas de rehabilitación ascende a 128, xa que algúns dos concellos incluídos na área dos Camiños de Santiago tamén teñen Aris propias.

En total, dende o ano da súa creación, rehabilitáronse ao abeiro das Aris máis de 11.300 vivendas, cuxos propietarios recibiron axudas da Xunta e o Estado. Os concellos correspondentes tamén realizaron múltiples obras de urbanización e reurbanización no ámbito das Aris, recibindo tamén axudas autonómicas e estatais para as ditas obras.

A achegas da Xunta e o Estado para a rehabilitación de vivendas e urbanización e reurbanización superan os 85,5 millóns de euros que induciron un investimento de máis de 15 millóns de euros por parte dos concellos e preto de 90 millóns de euros polos propietarios das vivendas, o que supón que o programa de áreas de rehabilitación xa mobilizou, dende a súa creación en 1996, un total de máis de 190 millóns de euros.

A CONSELLERÍA DE CULTURA E EDUCACIÓN ELEVA A 291 O NÚMERO DE ALUMNOS CON DISCAPACIDADES AOS QUE FACILITARÁ O SERVIZO DE TRANSPORTE ESCOLAR ADAPTADO

- ***O Consello da Xunta deulle hoxe o visto e praxe á colaboración coa Asociación de Pais de Persoas con Trastornos do Espectro Autista da provincia da Coruña, ASPANAES, que se suma aos acordos asinados para este mesmo fin con outras 9 asociacións***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria asinará un convenio de colaboración coa Asociación de Pais de Persoas con Trastornos do Espectro Autista da provincia da Coruña, ASPANAES, para a prestación do servizo de transporte escolar, de tal forma que se eleva a 291 o número de alumnas e alumnos aos que o departamento educativo da Xunta de Galicia facilita este servizo complementario adaptado.

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe a este acordo de colaboración con fin de posibilitar o desprazamento do alumnado discapacitado asociado á entidade desde os seus domicilios ao centros de educación especial 'ASPANAES A Coruña', 'ASPANAES Duques de Lugo' (en Santiago), 'ASPANAES Ferrol' e 'ASPANAES As Pontes'.

Trátase dun total de 99 escolares discapacitados que nos seus traslados ao centro educativo precisan dunha atención específica e personalizada, de acordo coas súas necesidades físicas e psíquicas particulares. Así, o convenio cobre os desprazamentos de ida e volta desde os domicilios dos rapaces aos seus centros escolares, así como a ou desde os centros en que reciban tratamento rehabilitador, cando este coincida co horario escolar. Ademais, o servizo obxecto do convenio estará adaptado ás necesidades horarias das alumnas e alumnos, moitas veces condicionadas polos tratamentos médicos que necesitan.

Ao abeiro deste convenio, a asociación comprométense a facilitar os desprazamentos cos vehículos adaptados que sexan necesarios, así como a prestar os pertinentes servizos especializados de acompañamento e atención ao alumnado trasladado. Pola súa banda, a consellería farase cargo do 80% do gasto derivado da prestación destes servizos, cun custo total que ascende a 231.077 euros.

O acordo encádranse no compromiso do departamento educativo da Xunta de Galicia coa atención á diversidade do alumnado galego, garantindo o acceso á educación dun sector da poboación escolar galega que require una atención específica e preferente.

Neste sentido cómpre lembrar que xa foron asinados convenios con outras 9 asociacións para este mesmo fin que, xunto co hoxe aprobado, sumarán un

investimento de máis de 764.500 euros en transporte adaptado e 291 escolares con discapacidade beneficiarios.

SANIDADE INVISTE PRETO DE 2 MILLÓNS DE EUROS NA CAMPAÑA DE VACINACIÓN CONTRA A GRIPE

- *Esta iniciativa dará comezo o próximo luns, 19 de outubro*
- *Está dirixida ás persoas de 60 ou máis anos e os menores desa idade que pertencen a un dos grupos de risco que se poden beneficiar da vacina*

A Consellería de Sanidade vén de investir 1.898.104 euros para a campaña de vacinación contra a gripe a través do acordo marco coordinado polo Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade.

Esta iniciativa, que ten por obxectivo a vacinación das persoas de 60 ou máis anos e as pertencentes aos grupos de risco (persoas con condicións crónicas de risco, embarazadas e persoas ingresadas en institucións pechadas, entre outras), comezará o próximo 19 de outubro e finalizará o 19 de decembro.

Ademais, tamén se recomenda a vacinación a persoal sanitario, empregados de institucións pechadas e outros centros para enfermos crónicos; ás persoas que atenden ou están en contacto con persoas incluídas en grupos de risco; e ás que desenvolven traballos esenciais para a comunidade, como policía e bombeiros.

Sanidade presentará proximamente a campaña de vacinación, e lembra á cidadanía que hai tempo suficiente para facela progresivamente polo que solicita á poboación que, para evitar a sobrecarga do sistema asistencial, non acuda masivamente os primeiros días da campaña, xa que non é necesario.

576 PROFESIONAIS CONSEGUEN O DESTINO SOLICITADO NO CONCURSO DE TRASLADOS DAS CATEGORÍAS DE XESTIÓN E SERVIZOS DO SERGAS

- *Neste proceso, no que se ofertaban 1.319 prazas de 25 categorías, participaron un total de 1.097 profesionais*
- *Este proceso súmase ao tamén resolto este ano das categorías de persoal sanitario no que cambiaron de destino 1.199 profesionais*

O Servizo Galego de Saúde vén de resolver coa súa publicación no Diario Oficial de Galicia (DOG) o concurso de traslados das categorías de persoal de xestión e servizos no que un total de 576 profesionais conseguiron o destino solicitado.

Neste proceso, no que se ofertaban 1.319 destinos de 25 categorías, participaron un total de 1.097 profesionais.

Este concurso de traslados ten como finalidade facer efectivo o dereito á mobilidade do persoal estatutario fixo das seguintes categorías: albanel, calefactor, carpinteiro, celador, cociñeiro, condutor, costureiro, electricista, enxeñeiro técnico, fontaneiro, grupo técnico da función administrativa, grupo de xestión da función administrativa, grupo administrativo da función administrativa, grupo auxiliar da función administrativa, lavandeiro, limpador, mecánico, pasador de ferro, perruqueiro, persoal de servizos xerais, persoal técnico superior, pinche, técnico superior de sistemas e tecnoloxías da información, técnico de xestión de sistemas e tecnoloxías da información, técnico especialista de sistemas e tecnoloxías da información, técnico de grao medio, telefonista, traballador social e xardineiro do Servizo Galego de Saúde.

Por necesidades organizativas e co obxecto de garantir o normal funcionamento das institucións sanitarias no proceso de incorporación dos profesionais aos destinos adxudicados diferiuse o prazo de cesamento ata o próximo 15 de outubro.

A media de idade dos adxudicatarios é de 45 anos e o 65% son mulleres. A categoría que rexistrou a maior participación é a de persoal de servizos xerais, na que resultaron adxudicatarios 184 profesionais, seguida das categorías de celador e grupo auxiliar da función administrativa, cun total de 131 e 96 adxudicacións, respectivamente.

Do total das adxudicacións efectuadas, 58 corresponderon a profesionais cuxo centro de orixe radicaba noutra comunidade autónoma, sendo Castilla y León, Castilla-La Mancha e Aragón as principais comunidades de orixe.

Este proceso súmase ao tamén resolto este ano das categorías de persoal sanitario no que cambiaron de destino, en exercicio do dereito de mobilidade voluntaria, un total de 1.199 profesionais.